

ESTREA EN NUMAX: 11.11.2015 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Letters to Max (2014, 103')

Dirección: Éric Baudelaire

Guión: Éric Baudelaire

Participación: Maxim Gvinjia, Sergueï Agumaa, Sipa Labakhua, Bagrat Gvinjia, Ludmila Gvinjia, Astanda Gitsba, Arsana Gvinjia, Arsou Gvinjia, Rusto Agrba, Batal Tarkil

Montaxe: Éric Baudelaire, Laure Vermeersch

Son: Juliette Navis, Jean Holtzmann, Julien Bonvicini

Fotografía: Éric Baudelaire

Produtora: Poulet-Malassis (Francia)

Distribuidora: LUX Artist's Moving Image

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

The ugly one, 2013

The anabasis of may and fusako shigenobu, masao adachi and 27 years without images, 2011

Sugar water, 2007


«El cine de Baudelaire se construye a la vez que es narrado, abriendo interrogantes y convocando conflictos irresueltos, con una cualidad verbal en la que la falta de imágenes contribuye a abrir el debate sobre aquello que continúa siendo irrepresentable.»

Juana de Aizpuru. INSTITUTO DE ARTE CONTEMPORÁNEO

SINOPSE

«Abxasia ten moito de paradoxo: un país que existe, no sentido físico do termo (un territorio con fronteira, goberno, bandeira e lingua), malia non ter existencia legal, pois hai máis de vinte anos que ningún estado nación o recoñece. Así que Abxasia existe sen existir, atrapado nun espazo liminal, un espazo entre realidades. E así é que a miña carta a Max tiña algo dunha mensaxe nunha botella guindada ao mar, unha piscadela ao mundo do Ubu Roi de Alfred Jarry no que Maxim Gvinjia parece habitar. Pero a miña carta chegou a porto, e así foi como a ficción penetrou o real».

ERIC BAUDELAIRE.



Jorge Mourinha entrevista Éric Baudelaire

No Doclisboa moita xente preguntaba polo que era certo e o que non en Letters to Max.

Houbo quen me dixo no FIDMarseille que non creu nada do que viú. Con Max é todo verdade, aínda que ao final mesmo eu tiña dúbidas. Porque non pensaba que Max fora recibir as cartas cando comecei a enviarllas. O normal tería sido que me chegaran devoltas e logo xuntaríaas para unha proposta artística. Mais o imposible fíxose posible e comezoume a interesar, xa que sempre estou a traballar nas converxencias entre realidade e ficción. Neste caso a realidade é de feito máis estraña que a ficción.

Así que desde que todo é verdade, por que non preguntarse o que ten de falso, pois que Abxasia é ela propia unha ficción? En todos os meus filmes formulo a mesma cuestión: que é real, que é falso, onde repousa a verdade. Pero sempre deixo que isto o decida o espectador; depende deles máis ca de min. Deixar a dúbida revoando permíteme eludir a pregunta de maneira directa e mantela esperta mentres o filme se converte asemade nun espazo onde o cinema pode aparecer.

Todo o teu traballo anda á volta dos mesmos temas: a conexión persoal coa historia, o xeito en que a memoria constrúe e informa as cousas, de maneiras moi distintas que sempre desdubexan o documental e a ficción. É nese territorio sombrizo onde te atopas máis a gusto?

Sí, decididamente. É ben curioso que o describas «sombriizo» porque para min é un territorio ben luminoso! Pero si que o é, particularmente porque ao falarmos da construción do estado estamos a tratar forzosamente co problema da ficción. Todos os estados son construcións ficcionais, estou profundamente convencido. Cando comecei a miña viaxe en 2000, cando din con Abxasia e outros estados non recoñecidos que visitei na mesma altura, fíxome reconsiderar por completo

o concepto do estado tal e como eu o coñecía nos Estados Unidos e Francia, os dous países en que vivín. E como se ao abandonares o teu laboratorio e visitar o dalgún outro, comezaras a ver doutra maneira os teus propios experimentos. Logo de visitar Abxasia fíxenme moi consciente da ficción colectiva que todo iso representa. Se non estivera interesado nesa relación entre a ficción e o documental, seguramente esta se me acabara impondo despois diso.

Cando falas de ficción colectiva, refírestes a que estás a documentar feitos emocionais máis ca feitos históricos?

Refiro. E isto tráeme á cabeza algo que Masao Adachi me contou mentres faciamos The Ugly One e que tivo moita importancia para min. Díciame que, na metade dos sesenta, na súa época revolucionaria, os revolucionarios do cinema máis orientados á arte e ao cinema experimental defendían ante todo o pracer, a sexualidade e o amor, pero non tiñan nin idea do que estaban a facer politicamente; e os revolucionarios da política eran extremadamente rigorosos co acontecer político, pero non sabían nada de amor, relacións nin sentimentos. E el estaba convencido de que era imposible unha revolución política sen comprender o amor e a sexualidade, e que era imposible un manifesto artístico sobre a liberación dos sentidos que non tratara do seu aspecto político.

Tirado de «The Impossible Utopias: A Conversation with Éric Baudelaire about Letters to Max», publicado o 15 de decembro de 2014 en <https://mubi.com/notebook/posts/the-impossible-utopias-a-conversation-with-eric-baudelaire-about-letters-to-max>
Tradución Ramiro Ledo Cordeiro

MATERIAIS

OS LIBROS DE ÉRIC

[velaquí a selección de libros que Éric Baudelaire nos propuxo para a Librería NUMAX]

Libra. Don Delillo. Austral Ed.

Imágenes pese a todo. George Didi Huberman. Paidós Ed.

The Americans. Robert Frank. Steidl Verlag

Hommage to Catalonia. George Orwell.

L'empire des signes. Roland Barthes.

Points

Ce Bowling sur le Tibre. Michelangelo Antonioni.

Mer Noire. Dov Lynch. Anacharsis

La Traversée des Catastrophes. Pierre Zaoui.

NA NOSA LIBRARÍA

Anabases. Éric Baudelaire et al. Archive books

Las películas del cajón. Michelangelo

Antonioni. Abada Ed.

Para mi, hacer una película es vivir.

Michelangelo Antonioni. Paidós Ed.

Pâsses cités par JLG. George Didi Huberman.

Éditions de Minuit

Frank Films. Steidl Verlag

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo

15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | www.numax.org